

Expte. n.º 3544/2025

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ve-la proposta de bases elaboradas pola Concellaría do Promoción Económica para a convocatoria do **CONCURSO DE EMBECEMENTO DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E HOSTALEIROS NADAL 2025**.

despois de ve-lo art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a súa disposición adicional 10.^a, e tamén tras ter en conta tanto que neste caso non se trata de premios que se concedan sen a solicitude previa da persoa beneficiaria coma a fiscalización de conformidade da Intervención municipal;

logo de ver que o importe dos premios convocados é de 3.000 € e que existe crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 433.48300,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-las bases reguladoras e a convocatoria do **CONCURSO DE EMBECEMENTO DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E HOSTALEIROS NADAL 2025**, que se inclúen como anexo a esta resolución.

SEGUNDO.- Autoriza-lo gasto para a concesión dos premios polo importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 433.48300.

TERCEIRO.- Dispor que se lles dea publicidade a estas bases mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da corporación e mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para o xeral coñecemento.

CUARTO.- Darlle conta desta resolución ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se realizar.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario en acumulación de funcións

(documento asinado dixitalmente)



BASES DO CONCURSO DE EMBECEMENTO DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E HOSTALEIROS

NADAL 2025

1. Obxecto

O Concello da Pobra do Caramiñal convoca o **Concurso de Embelecemento de Establecementos Comerciais e Hostaleiros no Nadal 2025**, co obxectivo de fomentar a participación do tecido empresarial local na creación dun ambiente festivo e atractivo durante as festas do Nadal, contribuíndo así ao engalanado das rúas e á dinamización da vila nestas datas.

2. Participantes

Poderán participar todos os **establecementos comerciais e hostaleiros** situados no termo municipal da Pobra do Caramiñal, tanto os localizados no centro urbano como nas distintas parroquias e zonas das aforas, sempre que dispoñan de escaparate, fachada ou espazo visible dende a vía pública.

Os establecementos deberán estar **dados de alta nalgún dos seguintes epígrafes do Imposto de Actividades Económicas (IAE)**:

- **651:** Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, pel e coiro (inclúe os epígrafes 651.1 - 651.7).
- **652:** Comercio de medicamentos, produtos farmacéuticos e herbolarios (inclúe os epígrafes 652.2, 652.3 e 652.4).
- **653:** Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar
- **655:** Comercio polo miúdo de combustibles
- **659:** Outros comercios polo miúdo non especificados noutros epígrafes (inclúe os epígrafes 659.1- 659.9)
- **834:** Servizos relativos á propiedade inmobiliaria
- **849.7:** Servizos de xestión administrativa
- **972:** Servizos de salóns de peiteado e institutos de beleza



- **967.x:** Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte
- **7515:** Engraxe e lavado de vehículos
- **871:** Expendedores oficiais de lotarías
- **671:** Restaurantes (inclúe os epígrafes 671.1-671.5)
- **672: Cafetarías**
- **673:** Bares con e sen comidas

Cada establecemento só poderá inscribirse nunha categoría.

3. Categorías

Establécense dúas categorías:

- **Categoría A:** Establecementos comerciais
- **Categoría B:** Establecementos hostaleiros

4. Inscripcións

A inscrición será **gratuíta** e deberá formalizarse antes do día **25 de novembro de 2025**.

As persoas interesadas deberán enviar un correo electrónico a promocioneconomicapobra@gmail.com, indicando:

- Titular do establecemento que consta no IAE
- Nome do establecemento
- Enderezo completo
- Persoa de contacto e teléfono
- Categoría na que participa (comercial ou hostaleira)
- Epígrafe do IAE correspondente



Unha vez recibida a solicitude, a organización confirmará a participación por correo electrónico.

5. Decoración, fotografías e prazos

Os establecementos participantes deberán ter instaladas e visibles as súas decoracións a **partir do 29 de novembro de 2025**, coincidindo coa data do **acendido do alumeado de Nadal**.

As decoracións deberán manterse, como mínimo, ata o día **6 de xaneiro de 2026**.

Recoméndase que as decoracións inclúan **elementos tanto no exterior coma no interior** do establecemento, de xeito que contribúan á vistosidade xeral da vila e á creación dun ambiente festivo e acolledor.

Dende a inscrición, e ata o propio día 29 de novembro, os establecementos participantes deberán remitir polo correo electrónico promocioneconomicapobra@gmail.com un mínimo de catro fotografías da súa decoración, para que o xurado teña constancia de que efectivamente estes se atopan decorados.

As imaxes poderán ser utilizadas polo Concello para a difusión e promoción do concurso nas súas canles oficiais.

6. Xurado

O xurado estará composto por cinco persoas designadas polo Concello, entre representantes do ámbito cultural, artístico, comercial e técnico municipal. As súas decisións serán inapelables. O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se considera que as decoracións non acadan o nivel mínimo esixido.

7. Criterios de valoración

O xurado será o encargado de avaliar os establecementos participantes e determinar os gañadores en cada categoría. Teranse en conta os seguintes criterios:

- **Creatividade e orixinalidade**
- **Estética e harmonía do conxunto**
- **Iluminación e ambientación propia do Nadal**



- **Integración co entorno urbano e contribución ao embelecemento xeral da vila**
- **Decoración do interior e do exterior do establecemento**

8. Premios

As persoas gañadoras serán nomeadas por unha resolución da Alcaldía a proposta do xurado. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo de que se publique tamén noutros medios para garantir o seu coñecemento.

Outorgaranse os seguintes premios en cada categoría:

Categoría A: Establecementos comerciais

- 1º premio: **1.000 €**
- 2º premio: **500 €**

Categoría B: Establecementos hostaleiros

- 1º premio: **1.000 €**
- 2º premio: **500 €**

O pago dos premios realizarase exclusivamente mediante transferencia bancaria. Para que se realice o pago os premiados deberán enviar ó Concello un certificado de conta bancaria ó nome do titular do establecemento.

Os premios estarán suxeitos ás retencións fiscais correspondentes, de acordo coa normativa vixente.

9. Comunicación e ditame

O xurado visitará os establecementos participantes entre os días **16 e 20 de decembro de 2025**.

O fallo farase público a través da **web municipal** e das **redes sociais oficiais do Concello da Pobra do Caramiñal**, e comunicáraselles directamente ás persoas premiadas.

10. Aceptación das bases



A participación neste concurso implica a **plena aceptación** das presentes bases e das decisións do xurado.

